

Economía de la educación

M.J. SAN SEGUNDO.
Madrid: Síntesis. 2001
[319 páxinas]

Recibido: 10 de maio de 2002

Aceptado: 25 de novembro de 2002

Hoxe en día ninguén pon en dúbida a relación existente entre o nivel de formación do capital humano e o crecemento e o desenvolvemento económico dun país ou rexión. Estes vínculos, sinalados nos traballos pioneiros de Shultz e Denison, foron estudados por numerosos autores xerando unha ampla literatura en torno ó tema. A economía da educación converteuse, deste xeito, nun dos temas *estrela* nas diferentes liñas de investigación desenvolvidas polos economistas.

Fóra do ámbito académico, en España o Goberno está a realizar unha serie de cambios no sistema educativo. En primeiro lugar, produciuse a modificación dos estudos do nivel primario e secundario mediante a introducción da ensinanza secundaria obrigatoria e do novo bacharelato. A continuación, levouse a cabo a aplicación da Lei orgánica de universidades que, malia suscitar unha gran polémica e notables mobilizacións na súa contra desde tódolos ámbitos universitarios, non logrou abrir un debate por parte da administración antes da súa implantación. Por último, estase concluíndo a reforma da formación profesional mediante a creación dunha lei, da que ata este momento carecía, co obxectivo de desenvolver accións formativas que permitan a constante renovación e adaptación das competencias profesionais da man de obra.

Comprobamos, polo tanto, a actualidade do tema tratado neste libro. As distintas perspectivas desde as que se aborda o estudio da educación proporcionanlle unha grande amplitude á análise realizada, á vez que a colaboración da escritora con outros autores e investigadores confire exhaustividade a cada un dos aspectos examinados.

O texto está composto por trece capítulos; o primeiro deles, a modo de introducción, amósalle ó lector a relación entre capital humano e crecemento económico, así como unha serie de indicadores educativos dos que podemos concluír que, pese á grande expansión dos sistemas educativos españois na última década, aínda falta moito camiño por percorrer para acadalos niveis dos países da OCDE, principalmente nas cifras de gasto por alumno. O resto da obra podemos estruturalo en catro bloques.

No primeiro, composto polos capítulos 2, 3 e 4, estúdiase a demanda de educación, contrastando empiricamente as proposicións das diferentes teorías. Cómpre destaca-lo modelo estimado para caracteriza-la probabilidade de continuar cos es-

tudios, onde se comproba, ó igual que fixo Pissarides no Reino Unido, que o paro xuvenil incentiva a permanencia no sistema educativo. Unha das tendencias observadas actualmente, a expansión de titulacións de ciclo curto¹, é explicada pola autora mediante os importantes rendementos concedidos polo mercado de traballo ás diplomaturas e ás enxeñerías técnicas que, ratificados polas menores taxas de desemprego dos diplomados e o maior diferencial de ingresos, se traducen en aumentos da demanda deste tipo de estudos.

Posteriormente, nun segundo bloque de capítulos, o 5 e o 6, abórdase o outro lado da moeda: a oferta educativa. Dentro dos custos educativos constátase a importancia das economías de escala no sistema universitario, o que podería explica-lo maior tamaño das universidades españolas con respecto a moitos dos países europeos. Por outro lado, a presenza de economías de alcance parece corresponderse coas sinerxías entre os estudos de áreas de coñecemento próximas. Ademais, unha característica propia da Universidade española, recollida nesta obra, é o menor rendemento académico nos estudos técnicos.

Autores como Barr indican a necesidade de que o Estado garanta a realización de investimentos educativos por parte dos individuos, xa que o mercado de capitais en xeral non as financia. Precisamente, no terceiro bloque, onde se encadran os capítulos 7, 8 e 9, analízase a intervención pública en materia de educación. As recomendacións en torno a un sistema de axudas ós estudantes no que se vexan incluídos préstamos están orientadas na liña marcada por países coma o Reino Unido, Dinamarca, Suecia, os Estados Unidos ou Alemaña; a inclusión deste tipo de sistema podería incentiva-los investimentos en capital humano sen incorrer nos custos orzamentarios que implicaría unha ampliación do número de bolsas.

O último bloque engloba unha serie de temas diversos, como a descentralización do sistema educativo español, que xerou unha serie de desigualdades entre as diferentes rexións como son os sistemas de retribución e de contratación óptimos para o profesorado e a situación da formación continua en España.

Debemos resalta-la profundidade coa que son tratados practicamente tódolos temas que compoñen esta obra, así como a claridade coa que son abordados, xa que, aínda que a rigorosidade no contido dun texto e a súa sinxeleza non teñen por qué ser obxectivos opostos, en moitas ocasións a obtención conxunta destes dous obxectivos arrastra serias dificultades.

En resumo, podemos dicir que o libro da profesora San Segundo debe ser un dos puntos de referencia para aquelas persoas que non só requiran un enfoque teórico dos aspectos económicos da educación, senón que tamén desexen comprobar empiricamente moitas das afirmacións desenvolvidas polas diferentes teorías económicas da educación. Outro dos aspectos que cómpre destacar é a presenza de numerosas análises comparativas da situación española con respecto ós países da

¹ Reduci-la duración dos estudos e o tempo de permanencia dos universitarios nos centros é un dos obxectivos buscados polas autoridades educativas, como así o demostran as medidas citadas no *Informe sobre la financiación de la Universidad* (1995).

OCDE. Por último, resaltámo-lo amplo número de persoas que poden obter utilidade da lectura desta obra, xa que está destinada tanto a investigadores como a estudantes.

BIBLIOGRAFÍA

BARR, N. (1993): *The Economics of the Welfare State*. 2ª ed. Oxford University Press.

CONSEJO DE UNIVERSIDADES (1995): *Informe sobre financiación de la universidad*. Madrid: Consejo de Universidades.

PISSARIDES, C.A. (1981): "Staying-on at School in England and Wales", *Economica*, 48, pp. 345-363.

DAVID RODEIRO PAZOS / SARA FERNÁNDEZ LÓPEZ
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela